

a) Data límite de presentación: ás 14.00 horas do décimo quinto día natural contado desde o seguinte ao da publicación no DOG.

Se o último día de presentación de solicitudes coincidise en sábado ou día inhábil na localidade establecida no punto 18 das follas de especificacións do prego de cláusulas, o prazo de presentación prorrogase ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: véxanse os pregos de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Hospital do Salnés; rúa Hospital do Salnés, nº 30, 36619 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

d) Entidade: rexistro xeral do hospital.

e) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas.

a) Lugar: Hospital do Salnés; rúa Hospital do Salnés, nº 30, 36619 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra.

b) Data e hora: será publicada no perfil do contratante.

10. Gastos de anuncios: véxase o punto 19 das follas de especificacións do prego de cláusulas.

Vilagarcía de Arousa, 21 de abril de 2009.

Pedro Soler Bordoy
Director xerente do Hospital do Salnés

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Corrección de erros.-Resolución do 22 de abril de 2009 pola que se anuncian contratacións polo procedemento aberto.

Advertido un erro no texto da resolución anteriormente citada, publicada nas páxinas 8.277, 8.278 e 8.279 do DOG nº 85, do día 4 de maio de 2009, procédese a efectuar a seguinte corrección:

No punto 4. Presentación de proposicións. a) Data límite de presentación, onde di: «Antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2009/3002», debe dicir: «Antes das 14.00 horas do vixésimo primeiro día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2009/3002».

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Edicto de información pública de solicitude de licenza de actividade.

Solicitada desta Alcaldía por José Marcial Martínez Pérez, con DNI 32819501-L, en representación de *Ganadería M y C, S.C.*, licenza municipal para a reforma do almacén anexo a vivenda, ampliación de explotación gandeira existente mediante a construción dun local destinado a patio de exercicio engradado e comedero e construción de fosa de xurro, no lugar dos Anles, parroquia de Anos, cumprindo o disposto polo artigo 8, punto 3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública, por período de vinte días, co fin de que durante este período -que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG- poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Cabana de Bergantiños, 3 de abril de 2009.

José Muño Domínguez
Alcalde

CONCELLO DA LARACHA

Anuncio.

Advertido erro material en relación coa aprobación definitiva do expediente de expropiación urbanística de ampliación de estrada 041-026 desde avenida de Caión ata Estramil, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 3 de abril de 2009, por unanimidade dos membros presentes, acordou modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 20 de febreiro de 2009, de xeito que onde di: «reclamando maior valoración para a parcela 151 do polígono 15 da súa propiedade», debe dicir: «reclamando maior valoración para a parcela 151 do polígono 14 da súa propiedade».

A Laracha, 15 de abril de 2009.

José Manuel López Varela
Alcalde